






CONSIDERACIONES

1

SITUACIÓN ECONÓMICA DE GALICIA

1.- O CES considera moi salientable o feito de que a economía galega medrara máis que a media española en 2004, gracias en gran parte ao pulo que supuxo a celebración do Xacobeo. No último ano, o crecemento económico en España foi liderado por Navarra, xunto a Galicia, Andalucía e o País Vasco. Non obstante, este diferencial positivo para Galicia (medra 3 décimas máis que España) atópase moi lonxe de compensar o menor dinamismo que, de xeito preocupante, amosa a Comunidade galega dende hai tempo. En particular, ao longo dos dez últimos anos, e a pesar do considerable ritmo de crecemento do PIB de Galicia, este sitúase, en media, medio punto por baixo da media anual española (2,8% fronte a 3,3%, segundo os datos do INE) superando tan só a Baleares, Asturias e Castela e León. Un dato reflicte o impacto do Xacobeo na economía galega: nestes dez anos, tan só en 1999 e 2004 Galicia presentou unha medra superior á estatal.

2.- Para frear esta perda progresiva de peso económico de Galicia no conxunto do Estado, o CES considera que Galicia debería fixarse como obxectivo inmediato pasar a medrar sistematicamente por riba da media española. En termos cuantitativos, e a fin de acadar a converxencia plena de Galicia nun período de tempo razoable, deberíamos acadar un diferencial ao noso favor de alomenos medio punto porcentual ao ano.

Esta situación reclamaría un maior esforzo de converxencia por parte dos axentes económicos e institucionais. Asemade, sería importante incrementar o investimento en formación, coma base para acadar un crecemento estable e duradeiro; e en I+D+i, aumentando a importancia relativa da achega do sector privado e intensificando a cooperación Universidade-Empresa, o que permitiría unha mellor adecuación ás necesidades sectoriais. Así mesmo, hai que camiñar cara un investimento en materia infraestruturas de transporte mellor coordinado e que teña ben presente que tan importante como as propias infraestruturas é o deseño dos servizos públicos de transporte que poden tirar uso delas. Finalmente, outra liña estratéxica de futuro é o pulo da cooperación e interrelación dos distintos *clusters*.

3.- O CES considera pouco positivo que a converxencia de Galicia coa media de España que se rexistrou nos últimos anos se teña producido gracias, sobre todo, á perda de poboación en termos relativos. Converxencia económica implica desenvolvemento económico dun territorio unicamente se ao tempo se mantén a súa dimensión demográfica. Dende hai moitos anos o peso demográfico e, xa que logo, social de Galicia redúcese progresivamente. E probablemente sexa difícil manter o peso político dunha Comunidade no conxunto do Estado cando se perde substancialmente no demográfico. Pola contra, os avances na conver-

xencia coa Unión Europea (por primeira vez, en 2003, superase o 75% da renda media por habitante comunitaria) explícanse en meirande medida por un maior crecemento do PIB que pola perda relativa de poboación.

4.- O CES considera positivo que a forte destrución do emprego no sector primario en 2004 viñese acompañada por unha medra significativa no VEB do sector. A consecuencia inmediata desto é unha mellora importante na produtividade aparente do sector, que converxe notablemente cara a media española, e, polo tanto, dos ingresos por empregado.

Non obstante, o CES quere chamar a atención sobre o feito de que este proceso de axuste non é mantible por moito máis tempo. A reestructuración do agro galego e a necesaria medra en termos de productividades, nivel de ingresos e benestar económico debe basearse en meirande medida en avances positivos nos factores que lastran o desenvolvemento do sector e menos ou nada en destrución de emprego. En particular, a infraexplotación de superficie agraria útil, a escasa dimensión das explotacións, a elevada idade e baixa formación da meirande parte dos activos dedicados a estas actividades, ou a baixa rendibilidade da grande superficie de Galicia dedicada ao forestal son elementos que deberían ser obxecto dunha reflexión polo miúdo en prol dunha redefinición da política agraria e de desenvolvemento rural. Esta nova política agraria debería contemplar, ao mesmo tempo, medidas relacionadas coa fixación da poboación no medio rural, coa incorporación de xente moza ás explotacións ou co pulo de empregos alternativos no medio rural.

5.- Canto ás enerxías renovables, cómpre salientar que Galicia é xa unha das rexións europeas cun maior desenvolvemento da enerxía eólica. Pola contra, os avances no aproveitamento da enerxía solar son aínda claramente insuficientes en perspectiva española e europea, o que obriga a un meirande esforzo económico e político ás administracións públicas e, en particular, aos concellos. As súas ordenanzas fiscais e normas urbanísticas poden e deben dar pulo á expansión dos paneis solares en vivendas e empresas. Asemade, e tal coma reflicte o informe do CES 2/05 *Análise, balance e propostas sobre incendios forestais. Medidas preventivas, aproveitamento da biomasa residual e outras*, “sería necesario implementar plans específicos para a utilización enerxética da biomasa forestal. Xunto aos beneficios que se poderían obter en termos de aforro en custos de prevención e extinción de incendios, o fomento do seu aproveitamento enerxético –a través de primas relacionadas directamente coas actividades da silvicultura– axudaría, ademais, á limpeza de vexetación altamente combustible, colaborando coas labores de extinción cando xa se produciu o incendio”.

6.- O CES considera necesario dar pulo ao sector naval galego. A potencialidade deste sector e a súa concentración no espazo nunha área económica non expansiva como é Ferrol esixen unha política *ad hoc* moito máis favorable. En particular, a baixa do número de contratos e da carteira de pedimentos que reflicten os datos para 2004 é xusto o proceso contrario o que teríamos que observar. Os gobernos autonómico e central deberían facer un meirande esforzo para garantir uns contratos que, como é ben sabido, dependen tanto da competitividade dos propios estaleiros como da vontade política na procura de compromisos no mercado internacional. Asemade, a procura e potenciación de novos segmentos de mercado (off-shore, iates...) é perentoria.

7.- Dado o devandito entorno económico no que se desenvolve a economía galega, cómpre facer unha análise máis polo miúdo para estudar cómo a deslocalización vai afectar a industrias e actividades tan importantes do sector produc-

tivo galego como poden ser o sector téxtil, o sector conserveiro ou as actividades de transformación metálica. A partir desta análise deberíanse deseñar liñas estratéxicas de actuación que melloren e potencien a estrutura productiva de Galicia. ■

2 EMPREGO E TECIDO EMPRESARIAL

8.- Cómpre salientar coma un primeiro aspecto positivo o feito de que se teña xerado emprego e avanzado cara o obxectivo comunitario fixado nos cumios de Estocolmo e Lisboa. Non obstante, hai que recoñecer que nos atopamos aínda lonxe do pleno cumprimento dos obxectivos intermedios en termos de taxa de emprego total e feminino. Pola contra, e dada a incapacidade da economía galega para absorber en 2004 o incremento do número de activos, un ano máis a evolución do desemprego é o peor dato do mercado de traballo, ao incrementar o número de desempregados e a taxa de paro.

Por ámbolos dous motivos, o CES considera que o ritmo de xeración de emprego na economía galega non é suficiente, e que aumentalo ha ser un obxectivo prioritario que só se acadará cun maior dinamismo económico: emprego, crecemento e converxencia van da man.

9.- Ao igual que en anos anteriores, a dinámica de crecemento de emprego en Galicia caracterízase polo desigual comportamento entre o sector primario e os sectores non primarios. Dunha banda, o sector primario, a pesar do crecemento económico de 2004, continúa cunha acusada destrución de emprego. Doutra, os tres sectores non primarios –industria, construción e servizos– presentan medras na súa ocupación.

10.- O CES considera salientable o feito da recuperación do emprego no sector industrial aos niveis rexistrados en 2002, trala baixa experimentada en 2003. Nun entorno económico tan competitivo como o que vivimos dende hai uns anos (afectado polos procesos de deslocalización empresarial, a aplicación do protocolo de Kioto ou a competencia asiática) a evolución positiva do volume de emprego no sector nos últimos anos é importante.

11.- Cómpre destacar que a creación de emprego en Galicia en 2004 foi basicamente de emprego feminino: dos case quince mil novos ocupados, 13,8 miles de persoas son mulleres. O maior incremento da ocupación feminina nos servizos e na construción, sumado á medra de traballadoras na industria explican comportamento. Non obstante, e a pesar de que a taxa de ocupación feminina medrou nun punto porcentual, esta segue estando moi por baixo da rexistrada no caso dos homes: 36,8% e 58,1%, respectivamente.

No caso do desemprego tamén se rexistra unha importante diferenza entre os homes e as mulleres. Neste caso, o número de mulleres desempregadas medra máis que o dos homes (8,7 miles de mulleres desempregadas fronte aos 5,8 miles de homes) e o diferencial entre as taxas de paro feminina e masculina mantense nos dez puntos: 19,1% e 9,0%, respectivamente.

12.- O CES considera preocupante a moi elevada taxa de temporalidade no mercado de traballo galego. Ben é verdade que nisto Galicia non é moi diferente ao resto de España –aínda que en torno aos vinte puntos por riba de media europea–, e que no ano 2004 a taxa de temporalidade no sector privado descendeu lixeiramente. Pero o feito de que máis dun tercio dos asalariados galegos teña relacións laborais non estables supón un custo para todos. Non só para os traballadores que a sofren e as súas familias, senón para as propias empresas e o tecido productivo galego. O investimento das empresas en formación e capacitación e a produtividade dos traballadores están inversamente relacionados coa súa experiencia e integración nunha empresa. O que a curto prazo pode ser unha vantaxe en custos laborais e flexibilidade, a longo prazo pode supor menor produtividade e competitividade.

13.- En opinión do CES, non semella razoable o continuo incremento na temporalidade do emprego no sector público. En troques de axudar a resolver o problema de temporalidade, as propias administracións públicas galegas contribúen a agravalalo. Semella urxente analizar as causas subxacentes a esta tendencia en col de achar solucións.

14.- O devandito problema da temporalidade agrávase se se ten en conta tanto a duración dos contratos temporais como o grao de rotación existente no mercado de traballo. Dunha banda, corenta e cinco de cada cen contratos cunha duración concreta teñen unha duración inferior a un mes e corenta e oito de cada cen, unha duración entre un e seis meses. Doutra, no último ano o número de contratos por persoa asalariada temporal mantívose en 2,5.

15.- O CES considera importante salientar a reducida importancia relativa no conxunto do Estado da poboación estranxeira residente en Galicia e do número de estranxeiros afiliados en alta laboral na Seguridade Social. Mentres que a poboación galega representa o 6,3% da poboación española, o volume total de estranxeiros afiliados á Seguridade Social supón tan só o 1,8% en 2004.

16.- Tanto en Galicia coma no conxunto do Estado, hai dous sectores con productividades relativamente máis baixas: o sector primario e a construción. Sen embargo, Galicia presenta unha produtividade aparente moi por baixo da media española e do conxunto dos sectores productivos galegos: a produtividade do sector primario en 2004 foi do 72,0% da media española (64,7% no ano precedente) fronte ao 89,3% do conxunto dos sectores productivos (86,8% no ano anterior).

17.- A pesar da redución no número de accidentes mortais en xornada de traballo (-7,4%), non se debería perder de vista que aumentaron o número de accidentes con baixa en xornada de traballo (+2,6%) e o índice de incidencia (+0,8%). Xa que logo, é este un eido no cal hai que seguir incidindo –especialmente no sector primario, que non só presenta o índice de incidencia máis elevado senón tamén á medra máis importante–, potenciando un marco de diálogo entre os diferentes axentes sociais dedicado especificamente á sinistralidade laboral. ■

SECTOR PÚBLICO, BENESTAR SOCIAL E CALIDADE DE VIDA

18.- Os orzamentos da Comunidade Autónoma galega amosan a forte relevancia dos recursos transferidos polo Estado e a Unión Europea. Unha relevancia que vén explicada polo menor desenvolvemento económico de Galicia e, por conseguinte, unha menor capacidade fiscal. Por iso, o CES quere expresar a súa preocupación polo feito de que unha vindeira reforma do sistema de financiamento autonómico ou da política rexional europea puidera chegar a traducirse nunha queda substancial dos recursos para as políticas públicas autonómicas. Neste sentido, é prioritario plantexar alternativas e propostas que, baseadas en principios razoables e coherentes, defendan os intereses dos galegos.

19.- O CES considera que existen déficits importantes nos servizos públicos de atención as persoas dependentes. Tradicionalmente, o modelo de asistencia ás persoas dependentes tense baseado nas propias familias. Porén, os cambios na estrutura destas e, en particular, a incorporación da muller ao mercado de traballo teñen revelado a necesidade de complementar, nalgúns casos, e substituír, noutros, esta atención familiar pola actividade pública e da propia sociedade civil. Sen menosprezar o rol que pode desempeñar esta última a través de asociacións e ONGs, o CES considera que é absolutamente necesario dar un pulo aos servizos públicos de asistencia. O maior envellecemento relativo da poboación galega fai particularmente urxente esta actuación en Galicia, que se debería concretar na expansión de prazas en residencias, centros de día e asistencia a domicilio.

20.- Vencellado á consideración anterior, hai que falar tamén da asistencia aos nenos. A baixa taxa de natalidade de Galicia se explica, en parte, por unha deficiente capacidade de atención aos nenos. A ampliación nos servizos prestados de gardería e outras fórmulas de asistencia á familia permitirían compatibilizar mellor a actividade laboral das persoas co seu rol de pais e nais.

21.- A sanidade é un pilar básico para o benestar dos cidadáns e, con moito, a competencia máis importante da Xunta de Galicia dende un punto de vista financeiro. Por iso, as eivas detectadas no mesmo e as tensións financeiras que semellan afectar a tódalas Comunidades Autónomas deberían traducirse en actuacións en dous eidos: mellora da xestión e incremento nos recursos das Comunidades Autónomas. Canto ao primeiro, o control da elevada factura farmacéutica e a redución substancial das listas de espera na atención especializada –que no cirúrxico se atopan estancadas respecto ao ano 2003 en 76 días de media– e o incremento no tempo de atención aos pacientes nos centros de atención primaria deberían ser dous dos obxectivos a acadar. Canto o segundo, é necesario cuantificar rigorosamente os déficits financeiros reais perante a negociación do financiamento sanitario.

22.- O CES considera necesario facer maiores esforzos para reducir a elevada incidencia dos accidentes de tráfico. Sen dúbida, a mellora das infraestruturas viarias ou as campañas de sensibilización e concienciación do problema dos accidentes de tráfico semellan actuacións positivas.

23.- O CES considera moi positivo o acordo acadado a finais de 2004 sobre o financiamento do Sistema Universitario Galego. Este resposta positivamente a algunha das suxestións que o CES fixera no seu Informe 1/4. *O financiamento do Sistema Universitario Galego*. Non obstante, hai que ter presente que as cifras de financiamento que nel se manexan quedan aínda lonxe do que Unión Europea, en sucesivos informes, ten fixado como obxectivos recomendables cara 2010. Neste senso, e perante unha posible revisión do Acordo 2005-2010 na procura do cumprimento de obxectivos cuantitativos aínda máis ambiciosos, o CES insiste na importancia de condicionar os incrementos de financiamento ao cumprimento de obxectivos realistas, pero ambiciosos, por parte das universidades. Os chamados contratos-programa deberían gañar peso substancial no financiamento das universidades galegas para garantir que ese esforzo financeiro da Administración e a propia sociedade galegas remate converténdose en mellor educación e investigación, que responda de xeito axeitado ás necesidades de Galicia, e sexa un pulo real para o noso desenvolvemento económico e social.

24.- Tendo en conta que o desenvolvemento económico e social de Galicia, e en xeral das rexións atlánticas, está fortemente ligado ao mar, o CES reitera as consideracións expresadas no seu Informe 1/05 *Consideración sobre os efectos dos vertidos de fuel do buque Prestige*. Entre estas, indícase que o CES entende que a responsabilidade deste tipo de accidentes se debe atribuír a un compendio de factores interdependentes entre si que non son facilmente identificables e que están inmersos nun marco legal pouco efectivo, no que existen danos cuantificables que non son identificables, coma os medioambientais.

O CES entende fundamental que a resposta a este tipo de accidentes, tanto en termos de prevención coma de sanción, debe producirse a nivel internacional, e europeo en primeiro lugar. Asemade, indícase que debería flexibilizarse o Fondo de Solidariedade da UE, para facilitar o acceso ao mesmo, así coma crearse un Fondo de Compensación comunitario. No devandito informe indícase que se debería dispor dos mecanismos necesarios para acadar unha intervención eficaz en situacións de naufraxio, a través de coordinación entre os plans de emerxencia, da posta en marcha de protocolos de coordinación e de financiamento de programas de investigación de loita contra a contaminación.

Cómpre salientar a necesidade de propoñer a urxente modificación do actual sistema de responsabilidade limitada establecendo xuridicamente a responsabilidade ilimitada no transporte marítimo, de forma que os procedementos de indemnización teñan en conta a reparación íntegra do conxunto de danos causados (dano emerxente e lucro cesante) por parte dos suxeitos responsables.

25.- Os incendios forestais supoñen un gravísimo problema para a sociedade, tanto ecolóxico e medioambiental coma económico e social. No seu Informe 2/05 *Análise, balance e propostas sobre incendios forestais. Medidas preventivas, aproveitamento da biomasa residual e outras*, o CES expresa que sería conveniente que se abrise un amplo debate social sobre a problemática dos lumes e que se considerara a política contra incendios forestais coma unha política de Estado. O obxectivo deste debate, no que deberían participar todos os grupos parlamentarios e os distintos axentes económicos e sociais, sería tratar en profundidade as directrices precisas para unha política de consenso contra os lumes forestais.

A política contra incendios debería centrarse en tres vertentes: a de extinción ou ataque ao lume, a de prevención e a de recuperación de zonas afectadas. A vinculación destas tres facetas debería realizarse de xeito que se optimizasen

os medios dispoñibles, así como os recursos humanos, contratando e formando persoal profesional vinculado ao territorio, tratando de dar continuidade aos labores forestais e de contribuír á revitalización económica/demográfica do mundo rural. Un aspecto importante no que debería incidir a política contra incendios é o da concienciación e sensibilización social sobre a importancia do monte galego e sobre os efectos negativos dos incendios forestais.

Considerando os traballos relacionados cos incendios forestais como tarefas específicas de alto risco, hai unha serie de requisitos que deberían ser de obrigado cumprimento co obxectivo de incrementar a eficacia e a seguridade: a profesionalización do persoal, o coñecemento da zona de actuación e adestramento en condicións desfavorables, a coordinación e dirección de grupos e persoas de equipos municipais ou locais e evitar riscos innecesarios destes grupos, logrando maior efectividade. Deste xeito, e dada a elevada concentración espacio-temporal dos lumes, en opinión do CES se deberían optimizar os recursos económicos e humanos dispoñibles, adaptando a contratación de persoal á mesma, e despois, arbitrando cadros de persoal máis estables, de carácter complementario, para facer fronte aos incendios noutros períodos de tempo.

Cómpre salientar a necesidade de afondar na análise das causas dos incendios, xa que esta investigación debería ser o eixo sobre o que plantexar calquera política de montes. O CES considera que non é suficiente limitarse á “intencionalidade” dos incendios, senón que habería que delimitar as intencións. Con todo, debería aplicarse solucións aos problemas xa detectados de intencionalidade, así coma medidas de carácter xurídico-administrativo que adecúen as penas e sancións económicas aos danos causados. ■

4

DESENVOLVEMENTO REXIONAL

26.- No período 1990-2000, Galicia presenta unha medra do stock de capital neto total territorial similar á do conxunto do Estado. Neses anos, a comunidade autónoma de Galicia foi a que presentou a maior taxa de crecemento do stock de capital público mentres que foi a sexta comunidade autónoma con menor taxa de crecemento do stock de capital privado. Tendo en conta que ambos os dous tipos de capital son, polo xeral, complementarios, o incremento do stock de capital neto total ten que vir tanto pola vía do investimento público coma do privado. Dito isto, é perentorio seguir camiñando na corrección dos déficits infraestructurais de Galicia, que aínda padecemos. Neste sentido, o cumprimento en data dos plans de infraestructuras no que afectan a Galicia (Plan Galicia e PEIT) é fundamental, polo que, en opinión do CES, a prelación de obras que supuña o Plan Galicia debería manterse, cando menos, no PEIT. Os axentes sociais e as forzas políticas galegas deben participar activamente no seguimento da execución destas obras.

27.- O rápido incremento do tráfico internacional de mercadorías, consecuencia da crecente globalización das actividades de produción e consumo, fai necesario potenciar dun xeito claro os medios de transporte marítimo e ferroviario. Tal coma indica a Rede Transnacional Atlántica (RTA)¹ no seu informe sobre a Intermodalidade en transporte de carga *“Portos e hinterlands: A intermodalidade para o transporte de mercadorías no espazo Atlántico”*, a conexión dos portos ás redes terrestres intermodais aptas (ferroviarias e de estradas) constitúe unha das claves da competitividade do transporte marítimo, avaliada sobre a base dunha análise custo/beneficio.

A estratexia de potenciación do transporte marítimo de corta (cabotaxe) e longa distancia (transcontinental) é unha grande oportunidade para os portos do Arco Atlántico, entre eles os galegos, e os seus hinterlands. En Galicia, dada a diseminación e atomización de infraestructuras que hai que conectar, o seu aproveitamento esixe levar a cabo esforzos adicionais encamiñados non só a mellorar a capacidade e servizos dos portos, senón tamén a promover os hinterlands e a garantir unha importante axilidade na xestión dos tráfico de mercadorías.

Xunto ás infraestructuras portuarias propiamente ditas, cómpre salientar a importancia de dispor de plataformas loxísticas asociadas. Estas deben contar con boas conexións non só coas redes de transporte ferroviarias e viarias nacionais e internacionais, senón tamén coas instalacións portuarias. O obxectivo dos portos galegos é ser quen de garantir unha oferta moi especializada, flexible e innovadora.

No devandito informe se reflicte que dada a pluralidade e variedade de proxectos que teñen de ser levados a cabo, as diferentes administracións (comunitaria, estatal e autonómica), no eido das súas competencias, deben realizar maiores esforzos financeiros.

O CES considera que xunto á devandita axilidade, a cooperación entre as distintas autoridades portuarias e a aplicación de políticas integradas en materias como a investigación, marketing, promoción e servizos é fundamental para desenvolver e promover os transporte actual e futuro.

28.- En opinión do CES, é fundamental para Galicia contar coa terminal aeroportuaria de carga do noroeste peninsular, dado que esta actuaría como elemento impulsor de dinámicas de desenvolvemento rexional.

29.- No que atinxe ao solo industrial, cómpre salientar a necesidade de racionalizar a oferta de solo industrial, adecuando esta á demanda. O CES cree necesario insistir na necesidade dunha política de solo empresarial que combine “a eficiencia que supón ampliar a oferta preto dos grandes centros productivos da Comunidade coa equidade implícita no intento de levar as empresas e o desenvolvemento económico ao interior de Galicia”.

(1) A Rede Transnacional Atlántica de axentes económicos e sociais é unha nova plataforma de cooperación da sociedade civil no Espazo Atlántico, que está formada por 14 institucións de catro países (España, Francia, Gran Bretaña e Portugal) entre as que está o Consello Económico e Social de Galicia. Para máis información www.rta-atn.org

(2) Este documento pode consultarse en http://www.rta-atn.org/documents/etudes/rta-atn-intermodalidad_es.pdf. Cómpre salientar que o grupo de traballo que elaborou este informe estivo presidido polo representante do Consello Económico e Social de Galicia.

30.- O sistema galego de innovación e desenvolvemento tecnolóxico caracterízase nos últimos anos pola marcada orientación científico-académica da actividade investigadora, é dicir, polo predominio do entorno público (universidades e administración pública). Este concentra en 2003 case o 60% do gasto interno en I+D e o 63,4% do persoal empregado nestas actividades. Asemade, experimentase na comunidade autónoma un repunte da intensidade de gasto en I+D, pasando do 0,52% de 1997 aos 0,84% do PIB en 2003, cifra aínda insuficiente en relación á media española e europea (1,11% e 1,95%, respectivamente), e lonxe do obxectivo comunitario do 3% a acadar en 2010. O gasto en I+D por investigador ascendeu en Galicia a 69.990,49 euros, moi por baixo da media estatal, que é de 88.767,79 euros.

A pesar da mellora da capacidade innovadora experimentada en Galicia nos últimos anos, o peso relativo das solicitudes de invencións (patentes e modelos de utilidade) sobre o total estatal segue sendo baixo, sobre todo, se se ten en conta a importancia relativa galega en termos de poboación.

Tal coma recolle o informe da RTA *“Transferencia de tecnoloxía e innovación: claves da cooperación para as rexións do Arco Atlántico”*⁽³⁾ entre as súas recomendacións e vías de reflexión para a mellora da I+D, o CES reitera a necesidade de facer do desenvolvemento innovador e tecnolóxico unha estratexia e un desafío principal, dado que este é un elemento fundamental para o desenvolvemento económico rexional. Neste marco, é fundamental potenciar e dinamizar as cooperación interrexionais e transnacionais, así como reforzar a difusión da innovación tecnolóxica no seo das PEMEs, procurar unha mellor coherencia xurídica en materia de Innovación e transferencia de tecnoloxía ou procurar un equilibrio na converxencia local dos sectores. Asemade, o devandito informe sinala que é necesario mellorar o financiamento da innovación, e para iso suxire tanto a valorización dos sistemas de financiamento existentes nas rexións, capaces e trasladables a outros socios, como o facilitar o acceso das PEMEs innovadoras aos financiamentos rexionais, estatais e europeos (particularmente para o capital-risco) ou o ponderar a oportunidade de desenvolver fondos de innovación interrexionais.

31.- O CES considera que o pulo á euronrexión Galicia-Norte de Portugal debería converterse nun obxectivo para a Comunidade autónoma de Galicia. Mercados máis amplos para as empresas galegas, a posibilidade de tirar partido das sinerxias entre os núcleos productivos das dúas beiras da fronteira, ou a colaboración no deseño e construción de infraestruturas (de transporte, educativas...) no marco comunitario son algúns dos posibles beneficios. ■

(3) http://www.rta-atn.org/documents/etudes/rta-atn-innovacion_es.pdf